



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Actualización da lista de espera para ingreso no Centro de Día – MARZO 2026.

Expediente: 2026/G003/000153

Expediente: 2026/X998/000021

Primeiro.- Atendendo ao establecido no Regulamento de funcionamento do Centro de día para persoas maiores de Lousame, BOP nº 32 do 17.02.2014, que di o seguinte no “*Título III: Persoa usuarias, dereitos e deberes, participación e perda da condición de persoa usuaria. Artigo 17.- As persoas usuarias. En caso de demanda superior a oferta, aplicárase a seguinte orde de prioridade: 1º - residentes no concello de Lousame. 2º -persoas dependentes fronte ás autónomas. 3º - persoas con Rendas económicas e de patrimonio baixas fronte ás rendas altas. 4º - número de rexistro de entrada das solicitudes.*”, procedeuse á valoración de novas solicitudes de praza para ingreso no Centro de día de Lousame e á actualización da lista de espera.

Segundo.- A Comisión de avaliación, seguimento e valoración, aplicando a prioridade do criterio de residencia no concello e tras a valoración da situación de dependencia e da situación de rendas económicas e patrimonio das novas solicitudes, emitiu con data 09.03.2026 un informe actualizando a orde de prelación da lista de espera:

N.º orde na lista de espera	Nome e apelidos da persoa solicitante de praza	Concello de residencia
1	M.S.S.	LOUSAME
2	P.P.C.	NOIA
3	J.R.C.A.	NOIA

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a actualización da lista de espera para ingreso no Centro de día, atendendo ó informe da Comisión de avaliación, seguimento e valoración onde se establece a orde de prelación.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ás persoas solicitantes de praza, indicando a orde concreta na que quedan incorporadas na lista de espera para ingreso no Centro de día.

Terceiro.- Informar ás persoas solicitantes que, segundo se establece no art.28 do Regulamento de funcionamento do Centro de día, esta lista de espera será obxecto de actualización permanente a medida que novas solicitudes sexan valoradas e resoltas, o que producirá os axustes necesarios na súa ordenación. A Dirección informará ás persoas interesadas sobre a súa situación na lista de espera.

As persoas solicitantes terán acceso ó seu expediente e poderán solicitar á Comisión Técnica de avaliación seguimento e valoración, a revisión do mesmo cando variaran substancialmente as súas



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

circunstancias persoais e como consecuencia desta alteración, puidera modificarse a valoración efectuada. A Comisión Técnica poderá efectuar a dita revisión de oficio.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).